

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE XULLO DE 2021

Ás 11:05 horas do día 15 de xullo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica

D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral

D^a. Dolores Bernardez, suplente do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste o puntos 2.a)

D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 8, 9, 10, 11b, 11c, 11d e 11e)

D^a. Luz González Domínguez, xefa do Servizo de Alcaldía (asiste ao punto 2.b)

D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios (asiste ao punto 3.a)

D. Secundino Otero Failde, xefe do servizo de Medioambiente (asiste o punto 11.f)

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. ACCIONA MEDIO AMBIENTE SAU: dado que a solvencia eonómica non se refire aos tres últimos anos e que a solvencia técnica declarada no DEUC é



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 1 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

insuficiente segundo as esixencias da cláusula 8.4.3º do PCAP, deberá presentar un novo DEUC no que declaren dispor da solvencia económica e técnica esixida no PCAP. Para iso poden declarar máis contratos similares ao do obxecto do contrato de tal xeito que nun dos 3 últimos anos sumen un importe igual ou superior ao do prezo do lote ou lotes a que se presentan ou contestar afirmativamente á seguinte pregunta da parte IV "criterios de selección": "α: Indicación global relativa a todos los criterios de selección/Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos".

2. BENITO URBAN, S.L.U.: deberá presentar o Anexo II
3. GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.: deberá presentar o Anexo II
4. PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU: dado que a solvencia técnica declarada no DEUC é insuficiente segundo as esixencias da cláusula 8.4.3º do PCAP, deberá presentar un novo DEUC no que declaren dispor da solvencia técnica esixida no PCAP. Para iso poden declarar máis contratos similares ao do obxecto do contrato de tal xeito que nun dos 3 últimos anos sumen un importe igual ou superior ao do prezo do lote ou lotes a que se presentan ou contestar afirmativamente á seguinte pregunta da parte IV "criterios de selección": "α: Indicación global relativa a todos los criterios de selección/Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos". Así mesmo, deberá presentar o Anexo II

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. FLUGE GALICIA SL
 2. SACAFERRO, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 2 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. Sonido Collazo S.L.: deberá presentar o Anexo II do PCAP. Dado que no DEUC declara concorrer a este procedemento coa solvencia de terceiro, de ser así, deberá presentar a declaración do Anexo III firmada polo terceiro. En caso de non achegarse este Anexo entenderase que non concorre coa capacidade de terceiros.

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) (subsanación)

En data 24 de xuño de 2021 a á Xunta de Goberno local acordou:

“Retrotraer o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) ao momento da cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos ao terse informado polo Servizo de Administración Electrónica que os tres licitadores presentados a esta licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido pero por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ao sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas”.

Procede, pois, revisar a documentación presentada polos licitadores no prazo de subsanación da documentación persoal. Á vista da mesma, a Mesa acorda dar traslado do expediente o servizo xestor para valorala e dar conta a este órgano.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101)

Este asunto retírase da orde do día por canto é necesario subsanar a documentación persoal.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

Este asunto retírase da orde do día por canto é necesario subsanar a documentación persoal.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara–Beade” (704-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 3 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 25 de xuño de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 12 de xullo de 2021 a Enxeñeira de Camiños Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"enténdese que a documentación presentada pola empresa non xustifica as ofertas económicas realizadas."*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión de ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que a documentación presentada xustifique os mesmos conforme o informe de 12 de xullo de 2021 da Enxeñeira de Camiños Canais e Portos municipal e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 12 de xullo de 2021 de valoración do sobre C *"proposición avaliábeil mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 12 de xullo de 2021 de valoración do sobre C *"proposición avaliábeil mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 4 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miño" (856-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 12 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 12 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	92,04
2	MONTAJES JM IGLESIAS SL	89,56
3	PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A	89,37
4	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,44
5	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS SL	82,13
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	80,43



7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	82,49
8	NAROM, S.L.	79,81
9	AVAN INTEGRAL S.L.	78,56
10	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	45,32

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores” (708-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores” (708-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	MONTAJES JM IGLESIAS SL	90,82
2	NAROM, S.L.	89,99
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	88,88
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L.	78,72
5	AVAN INTEGRAL, S.L.	78,54

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES JM IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 6 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
5. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
6. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoa” (856-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoa” (856-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	96,19
2	UTE SERANCO, S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	95,27
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL	92,66
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	91,95
5	PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A	91,20
6	CIVIS GLOBAL SLU	89,70
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	86,13
8	ORECO, SAU	81,12

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

7. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
8. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
9. **Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 7 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que a documentación presentada xustifique os mesmos conforme o informe de 12 de xullo de 2021 da Enxeñeira de Camiños Canais e Portos municipal e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	90,46
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	85,78
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,88
4	AVAN INTEGRAL S.L.	82,49
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	81,87
6	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	68,18

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 8 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



a) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2021, a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar o expediente de contratación para o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para o servizo da Policía Local (expte 68047-212), cos seus pregos de Prescripción Técnicas Particulares e de Cláusulas Administrativas Particulares, cunha duración de 4 anos (2021/2025).

2º.- Aprobar o gasto, por un importe máximo de licitación de 1.296.133.49 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local).

3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación aberto, de tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 18 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de maio de 2021, polo que non se admite a BANCO SANTANDER, S.A. por ter presentado dúas proposicións para este procedemento (artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e cláusula 13.6 do prego de cláusulas administrativas particulares).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 9 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TALLERES RODOSA, S.L.	85,00 puntos
2	AUTOS IGLESIAS, S.L	16,33 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES RODOSA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES RODOSA, S.L., o día 21 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 1 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TALLERES RODOSA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 10 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TALLERES RODOSA, S.L., de acordo co informes de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 10 de xuño de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a o procedemento aberto para a contratación para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212) coas seguintes condicións:

1.- O prezo do contrato o de 1.048.344,00 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 181.944,00 euros. Este prezo corresponde a suma dos prezos de cada unha das seguintes clases de vehículos (IVE incluído) multiplicados polo número de unidades de cada unha e polos 4 anos de duración do contrato:

- Clase I 450.700,80 euros.
- Clase II 248.582,40 euros.
- Clase III 153.331,20 euros.
- Clase IV 62.145,60 euros.
- Clase V 133.584,00 euros.

2.- Unha redución do prazo de entrega de 30 días.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 11 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das TAREFAS DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 25.01.2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contrata en data 12.04.2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "TRESCENTOS DOUS MIL CINCOCENTOS CORENTA E OITO EUROS con CORENTA CÉNTIMOS" (302.548,40 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 52.508,40 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 (INVESTIMENTOS MELLORA E.M.BALAIIDOS), de acordo coas seguintes anualidades:

2021	114,000.00 €
2022	158,293.56 €
2023	30,254.84 €
TOTAL	302,548.40 €



As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 138,85%, e para a terceira anualidade nun 26,54%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de “Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos” (738-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	92,09
2	UTE GALAICONTROL, S.L. - GPO, S.L.U.	87,40
3	G.O.C., S.A.	85,57
4	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	83,80
5	NETO STRUCTURE & HEAVY LIFT DESIGN, S.L.	59,12

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-36.975.845 e B-85.097.962, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., o día 28 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 8 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 18 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 14 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



"Adxudicar a UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. o procedemento aberto do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 241.312,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.880,70 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penís de Abaixo" (705-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penís de Abaixo" (705-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PENÍS DE ABAIXO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (78.256,44 €) e con sinatura dixital de data 14.12.2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (78.256,44 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 13.581,70€.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 15 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.72 ("Human. Rúa Penís de Abaixo").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penís de Abaixo" (705-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,14
2	MONTAJES J.M.IGLESIAS, S.L.	90,41
3	NAROM, S.L.	88,28
4	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	87,54
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	86,90
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	82,17
7	ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78,14
8	AVAN INTEGRAL, S.L.	59,88

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 28 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:17	Páxina 16 de 32
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34E-C9D228-3D27CF-DHRF2H-QXNEZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

